económicos e sociais no marco do diálogo social acorde co desenvolmento sostible.

Artigo 60. ***Impulso da innovación, tecnoloxía e creatividade***

2. Incorporarrase o fomento da investigación aplicada ao desenvolvemento de entornos, productos, servizos e prestacións que garanticen principios de inclusión, accesibilidade universal, deseño para todas as pesoas e vida independente a favor de toda a sociedade e en especial , das persoas con discapacidade. Así mesmo estableceranse medidas dirixidas afomentar a investigación e innvoación na prevención das situación de discapacidade e mellora da calidade de vida da cidadanía.

Promoverase a innovación e utilización das tecnoloxías da información e comunicación para promocionar mellores e mais diversos apoios na prestación de servizos de calquera tipo , que teñan incidencia na economía e emprego en Galicia, e de xeito especial naqueles servizos dirixidos as persoas.

3. A administración autonómica considerará a innovación e investigación aplicada como medios para favorecer a inclusión social e laboral en Galicia, e como ferramenta para a mellora da conciliacion da vida laboral e persoal, e de novas oportunidades para o mercado.

Artigo 61. R*elevo xeracional*

2. O relevo xeneracional constitúe un factor que favorece a vertebraciion do territorio e permite a cohesión territorial e social das ciudades, pobos e vilas de Galicia e tanto no ámbito rural como no urbano.

A administración autonómica de Galicia valora necesario no marco da cultura emprendedora e do traballo autónomo, impulsar medidas para afrontar a situación de empresarios e empresarias autónomas que se atopan próximas á idade de xubilación, e adecuar o impulso demográfico con medidas que aposten por mellorar as oportunidades de ocupación e asentamento da poboación galega, especialmente a moza , ofertando oportuniddes de xeración de emprego e desenvolvemento económico.

Para etes efecto tomase en consideración fomentar o relevo xeracional e fomentar os instrumentos eficaces que apoian ás persoas emprendedora,a continuar coas actividades económicas sostibles que potencialmente poidan finalizar por xubilación.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI
Pertenecente a COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

Así no marco do diálogo social con axentes empresariais e sociais correspondentes, contarase cunha relación actualizada de traspasos de negocios que carecen de relevo, así como co asesoramento específico para os casos que o precisen apoiando de xeito intenso, o relevo xeracional en zonas rurais, en a favor de persoas mozas, mulleres persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, migrantes, desempregadas de longa duración, persoas en situación ou risco de exclusión social, así como calquera outra iniciativa pertencente á economía social.

No marco da aposta polo relevo xeracional, incorporaranse as medidas que permitan, adecuar a actividade económica desenvolvida ás condicións de accesibilidade e deseño universal, así como implementar calesquera actuación que aporte valor "e innovación" dirixido a facilitar que calquera persoa con interese emprendedor na iniciativa, poida desenvolverlo, sen que medie ningún tipo discriminación

3. INCORPORAR REFERENCIA A FOMENTO DE SEGUNDA OPORTUNIDADE

A Administración autonómica facilitará o retorno ao mercado laboral daquelas iniciativas emprendedoras que tras un proceso concursal para as persoas físcias, valoren retormar a actividade por renovación da actividade económica ou profesional, sempre que derive de causas obxectivas e debidamente acreditadas.

A este respecto a persoa teraque acompañar o correspondente proxecto de renovación ou reforma da actividade e/ou esablecemento asignando o orzamento e inversión persoal vinculada.. A administración facilitará a creación dunha comisión de seguimento e concesión das axudas previstas, e poderá establecer un procedemento específico de asesoramento e tutela para persoas emprendedoras que tiveran experiencias falidas anteriores e opten por emprender unha nova iniciativa emprsssrial con obxecto de acompañalo no inicio do novo proxecto emprendedor.

A estes efectos dito proxecto ha de respetar en todo caso, as condicións de accesibilidade e deseño universal esixidas na normativa de aplicación.

Artigo 63. ***Estímulo das actividades económicas***

2. Incorpora referencia a promover aquelas iniciativas que combinen actividades productivas e non productivas que favorecen o asentamento e a conciliación nas comarcas.

Artigo 69. ***Inclusión social***

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI | Pertuncente a: COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

2. NOVA.

Poderán participar nos programas comunitarios aquelas persoas que malia a estar xa en Galicia, deciden trasladar o seu domicilio e asentamente a outra localidade en Galicia, e presente dificultades derivadas da idade, discapacidade, enfermidade e preise de recursos e apoios para o seu asentamento.

CAPÍTULO VI

Equilibrio territorial

Artigo 71. ***Valorización do medio rural e costeiro non urbano***

3. Elaboración plans de accesibilidade universal. A este fin incentivarase , promoverase e realizaranse as actuacións dirixidas que sexan necesarias para garantizar o cumprimento das condicións de accesibilidade e deseño universal de cara a alcanzar o equilibrio territorial uniforme respecto a esta materia, a través da elaboración de plans de accesibilidade universal.

Artigo 72. ***Consideración dos desequilibrios demográficos***

Nova.

2. Atenderase en todo caso a medidas que promovan a autonomía persoal e vida independente, á prevención da dependenia e discapacidade, así como se analizará as medidas que sexan precisas para que as comarcas teñan niveis equiparables de servizos públicos especialmente, de tipo sanitario, educativo e social, fomentando a coordinación entre eles.

Artigo 73. ***Desenvolvemento sustentable das políticas e servizos públicos***

4. Dita planficiacion contemplará as condiciións de accesibilidade e deseño universal esixibles, e adoptará os cambios precisos no establecemento das poiliticas, servizos

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI
Pertenecente a: COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

públicos que sexan necesarios.

Artigo 74. ***Accesibilidade dos servizos públicos***

Nova.

3. A administración publicas de Galicia garantizarán a accesibilidade universal en todos os servizos públicos, de acordó coas súas competencias e disporán das medidas oportunas que aseguren dita condición, a non discriminación-

A este respecto todos os servizos públicos de Galicia permitirán as persoas con discapacidade acceder en igualdade de condicións que or esto da poboación, así como contarán co formación do persoal encargado da atención directa a cidadanía, prestando os apoios precisos para interactuar cos mesmos, dende a posición de cidadanía activa.

Artigo 75. ***Mobilidade***

Novo punto.

4. Garantizarase que a rede de transportes e comunicación implantada conte coas condicións de accesibilidade e deseño universal establecidas así como, coa incorporación dos axustes razoables e medidas de apoio necesarias para que todas as galegas e galegos poidan acceder a ditos servizos en condicións de igualdade e non discriminación.

Adoptaranse as medidas precisas para garantir o estacionamento de vehículos de persoas con dificultades de mobilidade, incrementando o número de prazas reservadas mínimas previstas na normativa aplicable.

Garantizarase o cumprimento das dimesións, medidas e sinalización das citadas prazas reservadas a efectos de que sexan realmente efectivas, promovendo a revisión das existentes.

Artigo 76. ***Telecomunicacións***

3. Implantarase naquelas zonas e poboación que presenta maiores dificultades de recursos, o acceso as comunicación así como aqueles territorios nos que se sitúen maior nivel de poboación sen recursos e con dificultades para acceso a internet e/ou aos lugares comúns onde se pon a disposición.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI | Pertenecente a: COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32116941.

4. Reforzarase ditos servizos naqueles supostos de implantación de actividades económicas productivas xeradoras de emprego ou iniciativas e servizos de conciliación e atención ás persoas, a fin de que se xeren lazos de intercomunicación.

Artigo 77. ***Servizos para as persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano***

Incluír

3. Promoverase que os territorios onde se sitúen ditos servizos e/ou centros, se impulse a diinamizaciíon económica e do mercado laboral do entorno e aos seus arredores, independente ao xerado polos servizos de atención ás persoas maiores habilitado.

Artigo 78. ***Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano***

Incluír

4. Promoverase que os territorios onde se sitúen ditos servizos e/ou centros, se impulse a diinamizaciíon económica e do mercado laboral do entorno e aos seus arredores, independente ao xerado polos servizos , centros e recursos de atención ás persoas con discapacidade habilitados.

5. Garantizarase a accesibilidade universal no medio rural e costeiro non urbano, para o cal será preciso realizar os plans de accesibilidade necesarios.

Artigo 79. ***Prazas educativas e recursos de conciliación***

4.Promoverase que os territorios onde se sitúen ditos servizos e/ou centros, se impulse a diinamizaciíon económica e do mercado laboral do entorno e aos seus arredores, independente ao xerado polos servizos , recursos e prazas habilitadas.

Artigo 80. ***Estándares de calidade no ensino***

2. Garantizarase que a oferta educativa incorpore a atención a diversidade necesaria ás características e necesidades individuais do alumnado, apostando por unha atención educativa inclusiva.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

Artigo 81. ***Formación profesional***

3. Garantizarase que a oferta educativa incorpore a atención a diversidade necesaria ás características e necesidades individuais do alumnado, apostando por unha atención educativa inclusiva.

Artigo 82. ***Acceso á cultura***

3. A promoción do acceso a caltura incorporará non só a asitencia e difrute de manifestacions culturais, senon tamén a participación activa na vida cultural, desenvolvemento medidas como a inclusión da accesibilidade universal, o acceso aos lugares, á información e comunicación dos entrnos culturais, artísticos e de ocio, a favorecer o desenvolvemento do potencial artístico e favorecer e difundir actividads culturales que contribúan a concienciación e sensibilización na sociedade da diversidade. Apostando por unha cultura inclusiva en todo caso.

Artigo 83. ***Fomento do turismo sustentable e inclusivo***

2. Garantirase que as iniciativas que se incentivan serán en todo caso, aquelas que cumpren as condicións de accesibilidade e deseño universal, permitindo así un turismo inclusivo e accesible a todas as persoas.

Promovorase o coñecemento e difusión das citadas iniciativas de cara a que se constitúa como valor destacable da nosa comunidade e como ferramenta a xerar maior actividade e visitantes

Artigo 90. ***Tecnoloxías e competitividade***

3.Garantizarase o cumprimento das condicións de accesibilidade e deseño universal aplicable.

Artigo 91. ***Incentivos ao investimento***

2. Neste tipo de instrumentos incorporarase a adecuación dos investimentos ás condicións

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI | Pertenecente a: COCEMFE
Confederación Española de Personas

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

de accesibilidade e deseño universal, promovendo a adecuación da iniciativas inclusivas

CAPÍTULO VII

Envellecemento activo e saudable

Artigo 96. ***Criterios xerais de actuación para o envellecemento activo e saudable***

3. A administración publicas de Galicia apostarán por promover a participación da sociedade en actividades de ocio, deportivas, culturais e de calquera outro tipo axeitadas as súas necesidades e

A sua vez para favorecer un envellecemento activo e saudable eliminará os atrancos existentes no acceso e disfrute dos diversos programas, instalcions, recursos e servizos que se poñen en mrcha e garntirá que se prestan os apoios necesrios as características de cada persoa.

4. Neste senso reforzarase a intervención no eido sociosanitario permitindo un seguemento axeitado ádas persoas e as súas necesidades.

Artigo 97. ***Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable***

4. O acceso a estes recursos ha de facilitarse a un prezo ou custe asequible e en todo caso, garantir que non se limite o seu acceso e uso ás persoas que teñen menos recursos, en cuxo caso será subministrado por parte da Administración directamente o en colaboración.

Artigo 98. ***Economía do envellecemento e a promoción da economía da autonomía persoal***

2. A Administración autonómica desenvolverá programas específicos de apoio ás actividades económicas dirixidas á promoción da autonomía persoal, a vida independente , e ao libre exercizo dos dereitos das persoas con discapacidade. Incorpora aquelas actuacións dirixidas á adecuación das condicions de accesibilidade e deseño universal, así como garantindo a súa cobertura ao tempo que se aproveita a oportunidade e a potencialidade que aquelas supoñen para a economía galega, e se reforza a contriuciíon das persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia que actualmente está infravalorada.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

Artigo 99. ***Cuarto ciclo***

2. Os programas de formación dirixido ao alumnado maior de 50 anos, ou menor desa idade no caso de acreditar a condición de persoa con discapacidade, e/ ou ser persoa perceptora de prestación non contributiva de invalidez e ou dalgunha das prestacións de incapacidade laboral en grao de total, absoluta ou grande invalidez, ou equivalentes no reso de réximes da seguridade social, con independencia do seu nivel previo, pero con características e demandas de formación reguladas, que cada vez en maior medida esixe a composición demográfica da poboación.

3. Ditos programas formativos contarán con criterios de accesibilidade universal e serán inclusivos, garantindo así , a formación axeitada ao longo de toda a vida. Poderán flexibilizarse a consolidadción de estudos de cuarto ciclo a outros grupos sociais con características comúns.

Disposición adicional segunda. ***Estratexia de impulso demográfico***

2. Terase en conta a perspectiva da discapacidade así como será preciso determinar , analizar e reflectir o impacto xerado pola falta de accesibilidade universal no reto demográfico.

Disposición adicional terceira. ***Plan de apoio ás familias monoparentais***

2. Novo incluir

Incorporarase no plan unha especial protección a grupos de familias monoparentais entre as que se equiparan como tales as familias en situación de monoparentalidade.

Dito plan establecerá apoios reforzados ás familias monoparentais e en situación de monoparentalidade, que requiran reforzo de protección ,, e distinguirá ente a categoría xeral e a categoría especial, en función da composición da mesma.

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI | Pertencente a: COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

A administración pública autonómica establecerá os mesmos beneficios e vantaxas para as familias cualificadas como familia monoparental de categoría xeal ou especial que os previstos para as familias que ostentan o título de familia numerosa de categoría xeral ou especial, e poderá establecer algunas medidas de acción positiva específicas atendendo a súa singularidade.

Do mesmo xeito promoverá benficios e vantaxas tanto no ámbito do resto de adminstracións públicas como no ámbito das empresas privadas.

Disposición derradeira primeira. ***Modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.***

- En relación a modificación prevista no parágrafo do artigo 27.2b. indicar a seguinte referencia en azúl.

Nos supostos nos que, por tratarse do inicio ou final da xornada diaria, permanezan no centro cinco ou menos nenos /as non se esixirán as titulacións sinaladas no parágrafo anterior. En todo caso de existir nenos ou nenas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, deberá de contarse co persoal de apoio necesario e reforzar se procede, a supervisión das mesmas.

- Incluír nova disposición de modificación do Decreto relativo a garantía da accesibilidade universal.

A administración públicas galegas adoptarán as medidas necesarias para que todos os centros e instsalacións de menors e de atención á infancia, sexan accesibles e cumpran as condicións requiridas en materia de accesibilidade e deseño universal no acceso e en todas as estancias. Naqueles centros xa existentes deberán adoptar no seu defecto, os axustes razoables e medidas de apoio precisas que garante a o uso on discriminatorio, independente e seguro da instalación e servizo.

Disposición derradeira segunda. ***Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia***

- MODIFICAR O PUNTO UN, RELATIVO A INCLUSIÓN DUNHA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 9d) As familias con persoas con

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

discapacidade

- E INCLUÍR A ADECUACIÓN DA MODIFICACIÓN ANERIOR NO ARTIGO 15 Que queda redactado como segue:

Sección 4.ª Familias con persoas con discapacidade

Artigo 15 Concepto

Para os efectos desta lei, enténdese por familia con persoas con discapacidade aquela na que conviva algún ou algunha persoa que a integre, que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, que non teña rendas anuais superiores á cantidade que se fixe na lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas para aplicar o mínimo por ascendente e descendente con discapacidade

- **MODIFICAR O PUNTO DOUS.**

Dous. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:

"1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por unha única persoa proxenitora , con independencia da razón que a orixine (ser así dende o orixe, por morte, desaparición ou perda da patria potestade dunha das persoas proxenitoras), que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e a descendencia (os fillos ou as fillas) ao seu cargo, nos seguintes supostos:

a) Os homes ou mulleres que afrontan a maternidade ou a paternidade en solitario.

b) As familias formadas por un pai ou nai separado/a ou divorciado/a que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida

Equipárase á dita condición ás unidades familiares que se atopan en situación de monoparentalidade, nas que hai fillas e ifillos de dúas persoas proxenitoras, pero que se atopan nas situación seguintes:

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Pertencente a: COGAMI | COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

a)a garda e custodia é exclusiva dunha das persoas proxenitoras

b) hai ausencia temoral forzada de unha das persoas proxenitoras,

c)hai unha situación de grande dependencia

d) , Nos supostos de que haxa unha sitiuación económica determinada,

e) cando a proxenitora foi vítima de violencia de xénero por parte do outro proxenitor.

Considérase persoa proxenitora á nai, pai. titor ou titora legal ou persoa acolledora.

2. Considérase familia monoparental a formacda de algunha das seguintes formas:

a) a formada por unha persoa e a súa descendencia que se atope inscrita no rexistro civil con ela como única proxenitora.

b) a formada por unha persoa viúva ou en situación equiparable e a descendencia que houbera tido coa parella desaparecida

c) aquela formadada por unha persoas e as persoas menores de idade que teña en acollida, e as maiores de idade que estiveran en acollida permanente, ou aquela formada por unha persoa que eña a consideración de familia acolledora de urxencia-

d) aquela formada por unha persoa e a súa descendencia sobre a que teña en exclusiva a patria potestade.

3. A efectos desta lei considérase familia en situación de monoparentalidade se está conformada de algunha das seguintes maneiras.

a) a formada por unha persoa e a súa descendencia sobre a que ten a garda e custodia exclusiva se os ingresos da unidade familiar incluída a pensión de alimentos, non supera un determinado nivel..

bl a formada por unha mulleres que foi vítima de violencia de acordó coa Lei galega de protección contra a violencia de xénero e a descendencia sobre a cal ten guarda e custodia

c) a formada por unha parella e a súa descendencia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de ingreso en prisión ou de hospitalización no centro hospitalario pro un periodo ininterrumpido durante 1 ano, e os ingresos da unidade familiar , non supera un

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

determinado nivel..

e) a formada por parellas que conviven e a descendencia , na cal unha das persoas proxeitoras ten recoñecido un grao 3 de dependencia, 65% de grao de discapacidade, así como a incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez s os ingresos anuais incluídas a pension de alimentos , non supera un determinado nivel..

A unidade familiar considerada en situación de monoparentalidad estará conformada pola persoa proxenitora en situación de liberdade ou non hospitalizada no caso c), ou a persoa proxenitora que non estea en situación de dependencia ou incapacidade para traballar no caso d), e a súa descendencia.

En ningún caso poderá obter a condición de persoa beneficiaria do título de familia monoparental a persoa viúva ou en situación equiparada que fose condenada, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, cando a vítima fose a súa parella, expareja ou persoa con quen compartía descendencia.

As

4. Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla (descendentes):

a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.

b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

As fillas e fillos (descendentes) terán que cumprir as condicións seguintes:

A) Supostos:

a) ser menor de 26 anos, ou

b) ter recoñecida un grao de discapacidade igual e/ou superior ao 33%, a prestación de incaapcidade permanente absoluta ou grande invalidez, e ás equivalentes no réxime de:

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Pertencente a: COGAMI | COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

clases pasivas, así como ser perceptora de pensión no contributiva por invalidez. Nestes supostos mno se lle aplica o requisito de idade.

B) Convivencia na unidade familiar. En todo caso a separación transitoria motivada por razón de estudos, traballo, tratamento médico , rehabilitación ou outras causas análogas incluindo supostos de forza maior, privación dde liberdade, iternamento, asi como traslado temporal ao extranxeiro, non conleva perda da convivencia da unidade familiar.

C) Dependencia económica da unidade familiar: Considérase que hai dependencia económica si se supera o umbral de renda previsto conforme ao IPREM e non se Terán en conta os ingresos de pensións de orfandade, de alimentos nin de outras prestacións económicas.

5. A Administración autonómica creará un Rexistro de Familias Monoparentais e determinará os medios de acreditación da dita condición." Asi como as categorías de familias monoparentais que conleva a aplicación de niveis de protección maior

- Incorporar novidade na definición de este tipod e FAMILIA EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE ECONÓMICA

Artigo 17 bis *Concepto*

Para os efectos desta lei, considéranse familias en situación de especial vulnerabilidade económica aquelas que se atopan nunha probada situación de necesidade, por carecer de emprego ou desenvolver éste en condicións precarias ou de escasa remuneración o que lle xera unha situación de pobreza. Incluirase como tal aquelas familias que se atopan en desamparo social polo que se identifica o estado da persoa que no percibe a axuda ou prestción que precisa, así como se consideraraá que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou aquelas outras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da RISGA que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

COGAMI

Atentamente,

Mª Jesús Pérez Piñeiro

Área Xurídica

COGAMI

En Santiago de Compostela a 24 de xullo de 2019

Oficina Central Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos. 15704 Santiago de Compostela.
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal| www.cogami.gal

COGAMI | Pertencente a: COCEMFE

Inscrita na Sec. 2ª do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

16. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 15:58
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: ELENA CACABELOS SUÁREZ
Entidade á que represento: GAIA DOS NENOS SOC. COOP. GALEGA
Enderezo: SANTIAGO DE GUAYAQUIL, 6, BAIXO ESQ.
Código postal: 15702
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 661550388
Fax:
Email: INFO@GAIAECOCRIANZA.COM
Data suxestión: 24/07/2019 15:58
Texto suxestión:

Alegacións ao anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia. (Documento anexo adxunto)

Documento de suxestión: ver
axunto *"Alegacions_ANTEPROXECTO_DE_LEI_GAIA_ECOCRIANZA.pdf"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Consellería de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano,
Rúa de San Caetano, s/n,
15704 Santiago de Compostela,
A Coruña

ASUNTO: Alegacións ao ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

ELENA CACABELOS SUÁREZ, maior de idade, con D.N.I. nº 44834595M, actuando en nome e e e representación de GAIA DOS NENOS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA con domicilio en Santiago de Guayaquil nº6 baixo esquerada de Santiago de Compostela, comparece y **EXPONE**

Que con fecha 27 de xuño de 2019 aparece publicado no Portal de transparencia da Xunta de Galicia o ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA polo que no prazo 03/07/2019 - 24/07/2019 otorgado, formula as seguientes Alegacións, precedidas duns Antecedentes que se entenden de precisa atención:

ANTECEDENTES

1975 nacementos 43.850

2017 18.445

PRIMEIRO: En Galicia, no ano 1975, a taxa de fecundidade (nacementos por cada mil mulleres) situábase en 66,61 (43.850 nacementos). No 2017, estaba no 32,52 (18.445 nacementos). Esta baixa taxa de fecundidade queda moi lonxe non só do que necesitamos como sociedade senón tamén dos ideais e preferencias da cidadanía no que se refire a tamaño e formación da familia. A diferenza entre o número desexado de fillos/as e o número de fillos/as que se ten soe ser particularmente elevada entre as mulleres de maior nivel educativo, que tenden a manifestar un obxectivo idéntico ao das mulleres con menor educación pero ao final acaban tendo menos fillos/as (Testa, 2012b; Iacovou y Tavares, 2011)
O efecto da educación sobre o déficit de fecundidade tamén presenta diferenzas de xénero: en comparación coas menos educadas, as mujeres con estudos superiores enfróntanse a máis dificultades á hora de facer realidad os seus ideais reprodutivos que os homes con estudos superiores.

En "La nueva Economía Familiar", Becker (1981) sostén que os custos de oportunidade da maternidade son máis elevados para as mulleres con máis educación e mellores perspectivas profesionais xa que as interrupcións das súas traxectorias laborais impoñen penas superiores no que se refire aos ingresos e á devaluación do capital humán. O impacto do emprego feminino na fecundidade é positivo no norte de Europa (Andersson, 2000), pero é negativo nos países do sur do continente (Baizán, 2005).
SEGUNDO: É necesario un cambio de paradigma e de enfoque. É preciso deixar de falar de *natalidade* para empezar a falar de *crianza*, entendendo por crianza o proceso vital a ravés do que acompañar, protexer, coidar… da nena/o ata que se fai adulto. A *crianza* é de vital importancia no desenvolvemento saudable dos nenos e das nenas, polo tanto tamén é importante o establecemento das primeiras relacións da nena e do neno co adulto de referencia.

O rol da persoa adulta debe ser contedor, organizador e protector da vida das nenas e dos nenos acompañado do afecto necesario. O proceso de crianza exixe por parte das nais, pais e titores un gran esforzo físico e emocional. Este proceso é necesario dada a inmadurez física é emocional do ser humán ao o nacer, unha inmadurez que lle impide satisfacer por si mesmo as súas necesidades máis básicas.

Nas crianzas, o periodo temperán de desenvolvemento (dende o embarazo ata o segundo ano) é o que se coñece como "periodo sensible" ou "periodo crítico". O cerebro experimenta un acelerado e estruturado crecemento durante este periodo sensible. O ambiente que necesita e ao que debe adaptarse o cerebro neste "periodo sensible" é o contexto das relaciones afectivas continuadas e coherentes cun número limitado de coidadores. É dicir un "contexto de apego", segundo recolle Lecannelier, F. (2013)

A separación progresiva do corpo da nai (ou da figura de apego de referencia) prodúcese durante os tres primeiros anos de forma gradual para despois dar o salto á independencia e ao inicio das relacións sociais fra da figura de referencia.

TERCEIRO: É necesario promover estándares de parentalidade positiva. De acordo coa definición acuñada na Recomendación Rec (2006) 19 do Comité de Ministros do Consello de Europa, "exercicio de parentalidade positiva refírese ao comportamento de pais e nais fundamentado no interese superior do/a neno/a, que coida, desenvolve as súas capacidades, non é violento e ofrece recoñecemento e orientación".

Deben recoñecerse os diversos tipos de parentalidade e de situacións parentais mediante un plantexamento pluralista. Isto implica a flexibilización e respecto ás decisións das familias no que se refire á crianza e coidados dos seus fillos e fillas, que poden confluir nun entorno favorable para a maternidade e paternidade, como concepto aberto e plural, onde se respeten todos os modelos de familia posibles.

As familias deben ser libres para elixir qué tipo de crianza queren para os seus fillos e fillas. As institucións, sempre velando polo benestar e crecemento saudable das crianzas, deberan poñer a disposición das familias os medios que lles permitan criar como libremente decidan, sen perder de vista o perfil do neno/a como cidadán activo, creativo e actor social.

A Convención das Nacións Unidas sobre os Derechos do Neno e os instrumentos xurídicos do Consello de Europa e dos Estados Membros concédenlles dereitos como individuos. Nenos e nenas deben ter salvagardados os seus dereitos fundamentais, e pais e nais deben recibir o apoio das autoridades públicas para cumprir as súas funcións parentais.

CUARTO: A Organización Mundial da Saúde recomenda a lactación materna exclusiva durante os seis primeiros meses de vida, a introdución de alimentos apropiados para esa idade e seguros a partir de entonces, e o mantemento da lactación ata, polo menos, os dous anos. A lactación materna é algo que se aprende. Prácticas como a separación de nai e fillo/a ou as garderías para recén nacidos, non só dificultan a consolidación da lactación materna senón que poden supoñer un grave risco para a saúde do bebé e da muller.

A lactación materna exclusiva é a forma ideal de aportar ás nenas e nenos os nutrintes que necesitan para un crecemento e desenvolvemento saudables. A sociedade en xeral, e particularmente as mulleres, necesita boa información ao respecto do proceso de lactación natural. Os profesionais e institucións da saúde deben actualizarse e acompañar ás familias nesta etapa, apoiando e asesorando ás mulleres, animándoas a que amamanten aos seus fillos/as como garantía de boa saúde física e emocional.

QUINTO: Promover e ampliar as prazas de gardería na etapa 0-3 pode axudar ás familias que o desexen a conciliar vida laboral e familiar. Porén, non existe unha alternativa análoga para as familias que queren ocuparse do coidado e crianza dos seus fillos/as atendendo as necesidades biolóxicas pero sen perder poder adquisitivo e sen renunciar ao estatus laboral adquirido previamente.

Diferentes estudios abalan a importancia do coidado por parte das nais e dos pais dos nenos e nenas na etapa 0-3 anos. As institucións públicas deberían apoiar e promover esta posibilidade, para que non fora imprescindible levar as nenas e os nenos ás escolas e impulsar outros medios de conciliación (Atención no fogar permanente, etc.)

E para aqueles que sí fora imprescindible a escolarización como medio de conciliación, mellorar a calidade das escolas infantís, ludotecas, espazos infantís, casas niño e todos aqueles recursos de Atención á Infancia. Procurando a excelencia nestas etapas do desenvolvemento infantil tan importantes.

Os datos do INE establecen unha taxa de escolaridade temprana (0-3) dun 10% para os nenos menores dun ano, dun

37% para o tramo 1-2 de idade e dun 57% para os nenos de idades comprendidas entre os 2 e os 3.

Outros estudos manifestan que o mellor lugar onde poden estar os nenos e as nenas é coas súas familias, onde poden desenvolver o seu apego e a súa personalidade dun xeito integral e equilibrado.

"As nenas e os nenos nas garderías son casi sempre máis agresivos. Neste asunto xogan tres factores distintos. A dosis da gardería (horas, días e meses antes de ir o colexio), o tipo (en grupos grandes ou grupos pequenos) e a calidade. Por suposto, canto mellor é a gardería, mellor é o desenvolvemento da nena e do neno, pero a agresividade segue ahí" Jay Belky Director del 'Institute for the Study of Children' de la Universidad de Londres

QUINTO: Consideramos a *conciliación familar e laboral* como "a participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo, conseguida a través da reestructuración e reorganización dos sistemas, laboral, educativo e recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e esterotipos tradicionais, e cubrir as necesidades de atención e coidado das persoas dependentes. A imprescindible obriga de equiparar as baixas de maternidade e paternidade non debera empañar a nosa realidade biolóxica.

A especie humana, aínda se nacemos a término (entre a semana 37 e a 42), nacemos de forma prematura respecto doutras especies. Para que un bebé humano nacera cun grado de desenvolvemento equivalente ao de un bebé chimpancé, necesitaría unha xestación de entre 18 e 21 meses. O gran tamaño da nosa cabeza (froito da nosa capacidade cerebral) unido ao estreito da nosa pelvis (froito da bipedestación) obriga a que nazamos "antes de tempo". É o coñecido como dilema obstétrico.

Cando falamos do periodo de xestación, adoitamos pensar nos 9 meses que o bebé pasa dentro do corpo da nai. Porén, tras ese periodo de xestación no útero comezan os segundos 9 meses xestación. Nesa nova realidade que acontece tras o parto, o corpo da nai segue sendo o seu espazo de seguridade. O cheiro, latexo, temperatura e sabores da nai, son recoñecidos polo bebé como "a súa casa". A bioloxía non entende de realidades sociais. O corpo que o bebé espera atopar é o da nai; é aí onde se sentirá seguro. Sentirá que a súa supervivencia está garantizada e iso reducirá os seus niveis de estrés. As institucións públicas deben apoiar e promover a posibilidade de que as familias que o desexen poidan ocuparse persoalmente do coidado dos seus fillos e fillas durante os 3 primeiros anos de vida e promover a adecuación dos horarios de adultos /as aos de nenos/as e non ao contrario.

SEXTO: A etapa denominada Educación Infantil, que atende a nenas e nenos dende o nacemento ata os seis anos de idade, ten un papel fundamental no desenvolvemento e exerce unha función crucial na que será a evolución do alumnado, como recorda a LOE-Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Esta etapa basa metodolóxicamente o seu traballo nas experiencias, nas actividades e no xogo, nun entorno de afecto e de confianza, que quere potenciar a autoestima, a integración social dos nenas e nenos, e reforzar e posibilitar a sua autonmia. A LOE dispón no seu artigo 14.2 que o carácter educativo dos centros de Educación Infantil quedará recollido na sua proposta pedagóxica.

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) no que deberán de figurar os principios e valores e as prioridades de actuación, ou o carácter propio do centro, a demáis da proposta pedagóxica. O Proxecto educativo debe ter peso a hora de recibir subvencións da administración pública.

No momento de efectuarse contratos coa administración ou outorgar subvención para a mellora das escolas infantís e demais recursos de conciliación, deberíase primar a calidade do Proxecto educativo.

Recomendacións da OMS:

*Os lactantes (menores dun ano)

-Deben estar físicamente activos varias veces o día de diferentes formas, especialmente mediante o xogo interactivo no chan, canto máis mellor.

-Non deben permanecer suxeitos durante máis dunha hora seguida (por exemplo carritos, sillas ou tronas o suxeitos a espalda do coidador)

-Non se recomenda que pasen tempo frente a pantallas.

-En momentos de inactividade se recomenda que o coidador conte historias ou lea contos.

*As nenas e nenos de 1 a 2 anos:

-Non deben de permanecer suxeitos durante máis dunha hora seguida (por exemplo en carriños, silliñas ou tronas, ou suxeitos a espalda do cuidador) nin permanecer sentados durante periodos largos de tempo. Non se recomenda que pasen tempo en activiidades sedentarias ante unha pantalla.

*Nenos de 3 a 4 anos:

-Non deben de permanecer suxeitos durante máis dunha hora seguida (por exemplo en carriños, silliñas ou tronas, ou suxeitos a espalda do cuidador) nin permanecer sentados durante periodos largos de tempo.

-O tempo dedicado a actividades sedentarias frente a unha pantalla non debe exceder dunha hora o día, cantos menos mellor.

ALEGACIÓNS:

Primera .- *"Artículo 4. Principios rectores c)Interés superior del y de la menor. Todo niño y niña tiene derecho a que su interés superior sea valorado y considerado como primordial en todas las acciones y decisiones que le puedan afectar individual o colectivamente, tanto en el ámbito público como privado."*
Disposición final primera. Modificación del Decreto 329/2005, de 28 de julio, por el que se regulan los centros de menores y los centros de atención a la infancia.
Se añade un nuevo párrafo a la letra b2) del artículo 27.2, que queda redactado como sigue:
"b2) Personal de apoyo: En todos los centros deberá haber, como mínimo, una persona de apoyo a la atención y cuidado de los/ las niños/as la cual, además de las titulaciones anteriores, podrá estar en posesión de alguna de las siguientes titulaciones: técnico/a en atención sociosanitaria, técnico/a superior en animación sociocultural, técnico/a en cuidados auxiliares de enfermería, diplomado/a en puericultura reconocido por la consellería de sanidad o aquellas otras reconocidas como apropiadas por el órgano competente en la autorización del centro.
En los supuestos en los que, por tratarse del inicio o final de la jornada diaria, permanezcan en el centro cinco o menos niños /as no se exigirán las titulaciones señaladas en el párrafo anterior."

Disposición final segunda. Modificación de la Ley 3/2011, de 30 de junio, de apoyo a la familia y a la convivencia de Galicia
La Ley 3/2011, de 30 de junio, de apoyo a la familia y a la convivencia de Galicia, queda modificada como sigue:
Uno. Se añaden las letra g) al artículo 9 con la siguiente redacción:
"g) Las familias en situación de especial vulnerabilidad económica
Dos. Se modifica el artículo 13, que queda redactado como sigue:
"1. A efectos de esta ley, se entiende por familia monoparental el núcleo familiar compuesto por un único progenitor o progenitora que no conviva con otra persona con la que mantenga una relación análoga a la conyugal y los hijos o las hijas menores a su cargo, en los siguientes supuestos:
a) Los hombres o mujeres que afrontan la maternidad o la paternidad en solitario.
b) Las familias formadas por un cónyuge viudo/a y los hijos e hijas.
c) Las familias formadas por un padre o madre separado/a o divorciado/a que queda a cargo de las hijas e hijos sin que haya custodia compartida.
2. A los efectos previstos en este artículo, tienen la misma consideración que el hijo o la hija:
a) Las personas unidas al único progenitor o progenitora por razón de tutela o acogimiento.
b) El concebido o la concebida, siempre que mediante la

aplicación de esta asimilación se obtenga mayor beneficio.
3. La Administración autonómica creará un Registro de Familias Monoparentales y determinará los medios de acreditación de dicha condición."
Tres. Se añaden dos nuevas secciones al capítulo II del título I, con la siguiente redacción:
"Sección 6ª bis. Familias en situación de especial vulnerabilidad económica
Artículo 17 bis Concepto
A efectos de esta ley, se consideran familias en situación de especial vulnerabilidad económica aquéllas que se encuentran en una probada situación de necesidad, como son las perceptoras de la Renta de Inclusión Social de Galicia (RISGA), o aquellas otras que perciben prestaciones o rentas del trabajo que no superen el 125% de los límites equivalentes de la RISGA que les serían de aplicación según la composición de la unidad de convivencia.
Sección 6ª ter. Familias víctimas de violencia de género
Artículo 17 ter. Concepto
Tienen la no consideración de familias naturales víctimas de violencia de género, a efectos de esta ley, aquéllas en las que conviva alguna mujer o menor víctima de violencia de género, acreditado por cualquiera de los medios previstos en el artículo 5 de la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género.
A estos efectos tienen la consideración de víctima de violencia de género los hijos e hijas menores de una mujer víctima de esta violencia, así como los y las menores sujetos a su tutela, guarda o custodia."

Disposición final tercera. Modificación de la Ley 14/2013, de 26 de diciembre, de racionalización del sector público
La Ley 14/2013, de 26 de diciembre, de racionalización del sector público queda modificada como sigue:
Uno. Se modifica el artículo 25, que queda redactado como sigue:
"Artículo 25 Compra pública responsable
El sector público gallego diseñará y articulará su estrategia en materia de contratación pública teniendo en cuenta los principios recogidos en el artículo 15 de la Ley XX/XX de impulso demográfico de Galicia."
Dos. Se añade un nuevo artículo 25 bis con la siguiente redacción:
"Artículo 25 bis Promoción de la conciliación en la contratación del sector público autonómico
La Administración autonómica y las entidades instrumentales del sector público autonómico, cuando utilicen una pluralidad de criterios para la adjudicación de un contrato, incluirán entre ellos uno referido a las políticas empresariales en materia de conciliación de la vida personal, familiar y laboral y corresponsabilidad que se apliquen en la ejecución de dicho contrato, el cual será valorado según lo previsto en el artículo52

de la Ley XX/XX de impulso demográfico de Galicia.

Disposición final cuarta. Modificación del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad aprobado por el Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febrero

Uno. Se modifica el número 4 del artículo 67 del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad, que queda redactado como sigue:

"4. Las empresas que hayan implantado un plan de igualdad no tendrán preferencia en la adjudicación de los contratos de la Comunidad Autónoma de Galicia, puesto que crearia situacion de desigualdad de oportunidades empresariales.

Asimismo, en el sector público autonómico, en los supuestos de utilización de una pluralidad de criterios para la adjudicación de un contrato, se valorarán específicamente las medidas de conciliación de la vida personal, familiar y laboral recogidas en el plan de igualdad en los términos previstos en el artículo 52 de la Ley xx/xx, del xx, de impulso demográfico de Galicia.

A efectos de lo previsto en los párrafos anteriores, los órganos de contratación advertirán de esas circunstancias en los pliegos de cláusulas administrativas particulares, aunque la ausencia de advertencia no privará de estos derechos, sin perjuicio de las responsabilidades en las que se pudiera incurrir.

Si la empresa hubiera hecho uso de la preferencia o de la puntuación específica en materia de conciliación, estará obligada a mantener, respectivamente, los parámetros de igualdad o las medidas concretas de conciliación durante el plazo fijado en la adjudicación, que, si el contrato resultara de ejecución sucesiva, será igual a su duración temporal."

Dos. Se modifica la letra c) del artículo 75 del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad, que queda redactada como sigue:

"c) En los contratos del sector público autonómico, la obtención de la puntuación máxima prevista para el criterio referido a las políticas empresariales en materia de conciliación en los supuestos de utilización de una pluralidad de ellos para la adjudicación, así como la preferencia en dicha adjudicación siempre que las proposiciones presentadas igualen en sus términos a las más ventajosas desde el punto de vista de los criterios objetivos que sirvan de base para realizarla."

Disposición final quinta. Habilitación para el desarrollo reglamentario

Se habilita al Consello de la Xunta de Galicia para dictar las normas reglamentarias necesarias para el desarrollo de esta ley.

Disposición final sexta. Entrada en vigor

Esta ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el Diario Oficial de Galicia.

21. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 18:22
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Xosé Cuns Traba
Entidade á que represento: EAPN Galicia- Rede Europea contra a Pobreza
Enderezo: Rua Basquiños 33 1º a
Código postal: 15704
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 698127110
Fax:
Email: info@eapn-galicia.com
Data suxestión: 24/07/2019 18:22
Texto suxestión:

Adxúntase documento co detalle de emendas e propostas para mellorar o texto de referencia. Como se di no resume introdutorio do mesmo:

Debemos felicitármonos porque o Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico recolla e reagrupe medidas importantes e necesarias para mellorar o benestar das persoas co obxectivo de impulsar a demografía galega, algunhas como o apoio as familias monoparentais demandadas dende EAPN Galicia. Na súa extensa introdución fai fincapé ademais na filosofía e requisito imprescindible que debe presidir a Lei para que teña éxito: asegurar a galegas e galegos o benestar durante todo o curso da vida. Independentemente da súa procedencia xeográfica engadimos.

Este requisito non se percibe coa mesma contundencia ao longo do articulado posterior, precisando obxectivos concretos e medidas mais ambiciosas e esixentes ante a emerxencia demográfica na que vivimos. Non nos opoñemos por suposto ao fomento e a promoción de novos nacementos pero cremos que se debe facer fincapé nas medidas que garanten os dereitos e o benestar das persoas e familias que viven ou que queren vivir en Galicia.

Ter un fillo ou unha filla é un factor de empobrecemento en Galicia. Se a taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galicia era do 20,3% no 2017 (IGE), a dos nenos e nenas galegos era dun 23,7% e a dos mozos e mozas dun 28,3%. E nas familias monoparentais esta taxa supera o 50% no 2018 (INE)

Como con acerto se expresa nun dos principios da Lei, é imprescindible garantir o interese superior do menor e a loita contra a pobreza na que viven as súas familias. Non serve de moito crear unha lei que impulse a demografía cando as necesidades da mocidade, nenos e nenas que xa viven en Galicia non teñen unhas condicións de vida óptimas nin se atenden tódalas súas necesidades. Unha maior atención, medidas concretas e inminentes (con tramitación abreviada) a aqueles fogares con nenos ou nenas a cargo (ou con persoas en situación de dependencia) ou a inclusión social de persoas migrantes ou que buscan asilo na nosa comunidade son aspectos que incidirían de xeito positivo e inmediato no aumento da poboación e que este aumento se dese con calidade de vida.

A xustificación da necesidade da Lei ten unha oportunidade cando na introdución se refire de forma explícita á Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), elaborada pola Organización das Nacións Unidas e asumida polo estado español e a Comunidade Autónoma de Galicia. O primeiro dos ODS ben podería ser o primeiro artigo desta Lei, como o vai a ser da do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 que se está a elaborar: "Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais"

Intentando a coherencia con este principio e procurando aumentar a ambición e concreción da Lei, as nosas emendas van dirixidas en primeiro lugar á obrigada modificación da Lei 10/2013 de Inclusión Social nos seus aspectos mais urxentes que impiden o seu funcionamento efectivo, pero tamén en apartados como:

- Garantir prioridade en velocidade e resolución e importes a fogares con menores ou persoas con dependencia

- Atender realidades de especial gravidade como a pobreza severa nas familias monoparentais.

- Loita contra a exclusión territorial e a pobreza en zonas rurais ou costeiras, en atención aos ámbitos de calidade educativa, sociais, transporte, etc.

No detalle de emendas aparecen varias referidas tanto ao fomento do principio de empatía institucional na relación dende as distintas administracións coa cidadanía no que a redución da burocracia é un requisito imprescindible.

Finalmente cremos que se debe facer un recoñecemento ao papel fundamental nas organizacións do Terceiro Sector Social implicadas, en especial a aquelas que están traballando polo desenvolvemento e a inclusión social en concellos donde a exclusión territorial é mais acuciante.

Documento de suxestión:

ver
axunto *"EAPN_Emendas_Anteproxecto_de_Lei_de_Impulso_Demogr_fico_de_Galicia_Def_v2.doc"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

EMENDAS ó ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA
23/07/2019

Enlace ó Anteproxecto

Organización	EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social

VALORACIÓN XERAL. Observacións, recomendacións ou propostas xerais

Debemos felicitármonos porque o Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico recolla e reagrupe medidas importantes e necesarias para mellorar o benestar das persoas co obxectivo de impulsar a demografía galega, algunhas como o apoio as familias monoparentais demandadas dende EAPN Galicia. Na súa extensa introdución fai fincapé ademais na filosofía e requisito imprescindible que debe presidir a Lei para que teña éxito: **asegurar a galegas e galegos o benestar durante todo o curso da vida.** Independentemente da súa procedencia xeográfica engadimos.

Este requisito non se percibe coa mesma contundencia ao longo do articulado posterior, precisando obxectivos concretos e medidas mais ambiciosas e esixentes ante a emerxencia demográfica na que vivimos. Non nos opoñemos por suposto ao fomento e a promoción de novos nacementos pero cremos que se debe facer fincapé nas **medidas que garanten os dereitos e o benestar das persoas e familias que viven ou que queren vivir en Galicia**.

Ter un fillo ou unha filla é un factor de empobrecemento en Galicia. Se a taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galicia era do 20,3% no 2017 (IGE), a dos nenos e nenas galegos era dun 23,7% e a dos mozos e mozas dun 28,3%. E nas familias monoparentais esta taxa supera o 50% no 2018 (INE)

Como con acerto se expresa nun dos principios da Lei, **é imprescindible garantir o interese superior do menor e a loita contra a pobreza na que viven as súas familias.** Non serve de moito crear unha lei que impulse a demografía cando as necesidades da mocidade, nenos e nenas que xa viven en Galicia non teñen unhas condicións de vida óptimas nin se atenden tódalas súas necesidades. Unha maior

atención, medidas concretas e inminentes (con tramitación abreviada) a aqueles fogares con nenos ou nenas a cargo (ou con persoas en situación de dependencia) ou a **inclusión social de persoas migrantes ou que buscan asilo na nosa comunidade** son aspectos que incidirían de xeito positivo e inmediato no aumento da poboación e que este aumento se dese con calidade de vida.

A xustificación da necesidade da Lei ten unha oportunidade cando na introdución se refire de forma explícita á Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), elaborada pola Organización das Nacións Unidas e asumida polo estado español e a Comunidade Autónoma de Galicia. O primeiro dos ODS ben podería ser o primeiro artigo desta Lei, como o vai a ser da do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 que se está a elaborar: "***Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais***"

Intentando a coherencia con este principio e procurando aumentar a ambición e concreción da Lei, as nosas emendas van dirixidas en primeiro lugar *á obrigada modificación da Lei 10/2013 de Inclusión Social nos seus aspectos mais urxentes* que impiden o seu funcionamento efectivo, pero tamén en apartados como:

- Garantir prioridade en velocidade e resolución e importes a fogares con **menores ou persoas con dependencia**
- Atender realidades de especial gravidade como a **pobreza severa nas familias monoparentais.**
- **Loita contra a exclusión territorial e a pobreza en zonas rurais ou costeiras**, en atención aos ámbitos de calidade educativa, sociais, transporte, etc.

No detalle de emendas aparecen varias referidas tanto ao **fomento do principio de empatía institucional** na relación dende as distintas administracións coa cidadanía no que a **redución da burocracia** é un requisito imprescindible.

Finalmente cremos que se debe facer un recoñecemento ao papel fundamental nas **organizacións do Terceiro Sector Social implicadas, en especial a aquelas que están traballando polo desenvolvemento e a inclusión social en concellos donde a exclusión territorial é mais acuciante.** Un recoñecemento tanto formal e de actores imprescindibles na gobernanza e implantación da Lei, pero tamén no financiamento estable e crecente para que poidan estender a súa labor.

	Texto emendado:	Texto proposto e Xustificación	

	PAXINA, Artigo e parágrafo		
1	**Pax.17. Art.4** Principios reitores	**Novo principio: f) Benestar social. Asegurando a toda persoa residente en Galicia o seu benestar económico e persoal durante o curso da vida, libre de pobreza e exclusión social.** **Xustificación** Manter coherencia da declaración de intencións inicial na Lei neste sentido. Asegurando unha imprescindible visión integral e holística na loita contra o declive demográfico que pase por reducir drasticamente o risco de pobreza ou exclusión social.	
2	**Pax.18. Art.5** Principios de actuación.	**Novo principio: f) Empatía institucional. Fomentar a mellora no coidado, escoita activa e simplificación burocrática na relación do persoal da administración pública co cidadán que se acerca á mesma en busca de axuda, en especial de aquel en situación de vulnerabilidade.** **Xustificación** O éxito desta lei deberase en gran medida a que se facilite as persoas solucións áxiles ás súas demandas e problemas, favorecendo a implicación de empregados e empregadas públicas na mesma, evitando por barreiras ou requisitos burocráticos que retrasen as solucións.	
3	**Pax.20. Art.6** Principios específicos en materia de familia	**Modificación principio** d) Equidade **e benestar.** As políticas de apoio ás familias asegurarán que todas elas se beneficien e teñan oportunidades para mellorar ou manter a súa situación de benestar. Darase especial atención **a aquelas familias con nenos e nenas** en situación de vulnerabilidade pola súa situación de exclusión social ou pobreza económica, a súa pertenza a minorías étnicas, a súa discapacidade, ou por ser parte doutras familias de especial consideración como son as familias monoparentais, as familias numerosas ou as familias vítimas de violencia de xénero.	
4	**Pax.21. Art.8.1** Análise do impacto demográfico	**8.1 Eliminar.** **Xustificación** Seguindo os principio 5 e) de eficacia e eficiencia administrativa e redución de burocracia non cremos necesario retrasar de xeito xeral 10 días hábiles nos xa extremadamente dilatados trámites de elaboración de leis, decretos e documentos de planificación. A experiencia diaria dinos que ao final este requisito perde en pouco tempo a súa finalidade e se convirte nun requisito administrativo mais.	

5	**Pax.22. Art. 9.2.** *Informe periódico e indicadores en materia demográfica*	**Engadir.** A Administración Autonómica incluirá na súa planificación estatística a elaboración de indicadores de competitividade territorial **que midan a relación entre medidas concretas e impacto e impulso demográfico** **XUSTIFICACIÓN** É importante incluír a definición das pautas e dos criterios de contidos de indicadores directos que midan a relación entre medidas concretas e impacto do impulso demográfico.	
6	**Pax.23. NOVO Artigo Colaboración coas entidades do Terceiro Sector**	**NOVO Artigo 15) Implicación do Terceiro Sector de Acción Social** **1. As Administracións Públicas de Galicia fomentarán a implicación e participación das organizacións non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social galego nas políticas públicas de impulso demográfico e inclusión social , fomento da participación social e loita contra a pobreza, mediante programas específicos de colaboración público-privada.** **2. Fomentarase especialmente a colaboración e financiamento estable das organizacións especializadas de traballo no eido rural ou costeiro, polo seu coñecemento e implicación na loita contra a despoboación e o desenvolvemento. Garantindo a coordinación e o traballo en rede dende un enfoque non asistencialista e si de defensa de dereitos.** **XUSTIFICACIÓN** Non é admisible o lucro na loita contra o declive demográfico. E impensable o éxito das políticas e accións de impulso demográfico sen a participación exhaustiva e implicación das organizacións do Terceiro Sector sen ánimo de lucro mais próximas as persoas. Éste papel debe recoñecerse e defenderse na Lei como mínimo en igualdade de trato e oportunidades doutros sectores.	
7	**Pax.25.Art.15.2** Contratación	**Engadir.** (....)Igualmente, facilitarase o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, así como das empresas de economía social **así como das ONG de iniciativa social**.	
8	**Pax.26.Art.17** Competencias Consello da Xunta de Galicia	**Engadir novo apartado d) Garantir medidas que faciliten e axilicen a relación das persoas coas administracións e departamentos implicados, e que reduzan de xeito sistemático a burocracia administrativa.**	
9	**Pax.27.Art.18.3** Comisión para Impulso Demográfico	**Engadir novas funcións e) Constatar o avance na calidade de vida e o benestar das persoas obxecto da lei, en especial o cumprimento dos principios reitores de Interese superior do menor (Art. 4.c) e específio en materia de familia de Solidariedade e Equidade (Art.6 c e d)** **f) Asegurar que a implantación da Lei supón a redución da carga de burocracia para as persoas que se deben beneficiar da mesma. En trámites administrativos, tempos de resolución e non aumento de persoal administrativo e prexuízo do de atención directa e coidados.**	

10	**Pax.30.Art.19.4** Comisión técnica para o Impulso Demográfico	**Co espírito do principio de eficacia e eficiencia administrativa, recoméndase fusionar este artigo co anterior, entendendo que é a plasmación técnica do mesmo.** **En todo caso sería necesario aumentar tamén as súas funcións:** **f) Constatar o avance na calidade de vida e o benestar das persoas obxecto da lei, en especial o cumprimento dos principios reitores de Interese superior do menor (Art. 4.c) e específico en materia de familia de Solidariedade e Equidade (Art.6 c e d)** **g) Identificar medidas de redución da carga de burocracia para as persoas que se deben beneficiar da vixente Lei. En trámites administrativos, tempos de resolución e non aumento de persoal administrativo e prexuízo do de atención directa e coidados.**	
11	**Pax.32.Art.22.2** Sensibilización social en materia demográfica	**Engadir.** A Administración autonómica informará periodicamente á poboación a través de resolución publicada no Diario Oficial de Galicia do saldo vexetativo de cada concello e de Galicia, **así como do número de persoas en risco de pobreza ou exclusión, en especial daquelas mais directamente protexidas pola vixente Lei.**	
12	**Pax.33.NOVO ARTIGO Organizacións non lucrativas de iniciativa social**	**NOVO ARTIGO: Organizacións non lucrativas de iniciativa social** **1 As Administracións Públicas de Galicia colaborarán cos Organizacións non lucrativas de iniciativa social que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de campañas de sensibilización e reclamación da mellora do benestar da poboación vulnerable e dos principios reitores da Lei como requisitos imprescindibles para favorecer o impulso demográfico.** **2 Esta colaboración realizarase en base a programas e acordos de colaboración e financiación estables e a medio e longo prazo, garantindo a cohesión en todo o territorio galego con problemas demográficos, a presenza estable e non puntual no territorio e a colaboración e coordinación entre entidades, administracións públicas e organizacións locais de todo tipo.**	
13	**Pas.33. Artigo 26.1** *Políticas activas de emprego*	**Modificar.** 1. A Administración autonómica, dentro das súas políticas activas de emprego e respectando a normativa estatal aplicable, poñerá en marcha programas específicos, orientados á incorporación no mercado laboral galego **das persoas e familias en situación de vulnerabilidade**: mocidade, ~~das~~ familias con fillas e fillos **en pobreza ou** en situación de desemprego, **en especial ás familias monoparentais ou con persoas en situación de dependencia a cargo**, ou con baixa intensidade de emprego, da poboación retornada e da que se asente por primeira vez en Galicia. **Estes programas deberán ser necesariamente de carácter integral e garantindo o acompañamento profesional estable e a longo prazo.**	

		XUSTIFICACIÓN As familias constituídas por nais/pais sós con fillos/as fáiselles máis complicado incorporarse ó mercado laboral debido en moitos casos a problemas de conciliación. Ademais, neste caso de monoparentalidade é necesario incidir en que o número de estas familias cada vez é maior e que en Galicia xa constitúe nun 10%. Unha característica propia destas familias é que case o 84% están encabezadas por unha muller factor que, por exemplo, condiciona no ámbito do mercado laboral debido á discriminación de xénero, un dos factores que afectan máis á pobreza e que fan que a feminización da pobreza cada vez sexa maior. Por outra banda, a experiencia no desenvolvemento de programas de inserción sociolaboral das organizacións de iniciativa social especializadas é rotunda: so funcionan aqueles programas de carácter integral e onde se realiza un acompañamento profesional a medio e longo prazo en todas as fases da inserción, evitando a burocracia e a dispersión de fondos públicos.	
14	**PAX.33. Art. 26.2** *Políticas activas de emprego*	**TEXTO PROPOSTO** **Modificar.** 2.Así mesmo, a administración autonómica deseñará as súas políticas activas de emprego dando prioridade ao desenvolvemento profesional no medio rural e costeiro non urbano **ofrecendo flexibilidade, unha simplificación lexislativa e unha maior oferta de formación profesional co fin de** para facilitar a transición entre a formación e o emprego e o acceso a un emprego de calidade nestes ámbitos. **XUSTIFICACIÓN** Para emprender no sector agrogandeiro, sería moi importante unha flexibilidade e unha simplificación lexislativa, unha diminución da burocracia e unha adaptación e mellora da oferta de formación profesional, que exista unha coherencia entre as formacións que se ofertan e as posibilidades de emprego da zona.	
15	**Pax.34. Art. 27.1** *Apoio no acceso e á permanencia na vivenda*	**Engadir.** 1. A Administración autonómica, no marco das súas competencias en materia de vivenda, establecerá programas específicos que faciliten o acceso á vivenda da mocidade galega, das familias con fillas e fillos e persoas dependentes a cargo e das persoas galegas retornadas. **Con este fin, no prazo máximo dun ano dende a aprobación desta Lei, deberase publicar unha aproximación do detalle por concello das necesidades urxentes de vivenda e loita contra a exclusión residencial, cun obxectivo de resolución a curto prazo, calendario e orzamento.**	

		XUSTIFICACIÓN A vivenda está a ser o problema mais serio para moitas das persoas en situación de vulnerabilidade e dende logo impide a un elevado número de familias prantexar un proxecto de vida e descendencia. O último informe FOESSA desvelou que o 35% da poboación de galega sufre algún tipo de exclusión residencial. A credibilidade desta Lei obriga a que neste artigo se deberían especificar cantas serán as vivendas que estarán dispoñibles, rehabilitadas ou adaptadas para fomentar o impulso demográfico nun futuro. Faltarían ratios por territorios rurais, familias e rendas familiares coas que se terá acceso ás mesmas.	
16	**PAX.34. Art. 28.2** *Renda Familiar Estandarizada*	**Engadir.** **1.** (...) Este sistema será empregado con carácter xeral e debe motivarse adecuadamente a imposibilidade da súa aplicación cando se utilice outro. **En ningún caso prexudicará as persoas ou familias beneficiarias e asegurarase que non supón retrasos ou unha maior carga burocrática administrativa.** 2. O sistema de determinación da renda familiar estandarizada establecerase regulamentariamente en atención, entre outros factores, ao tamaño e á composición da unidade familiar **así como os criterios de dispersión territorial da poboación rural e costeira non urbán.** **XUSTIFICACIÓN** Vemos con preocupación que este medida, positiva pola súa filosofía, non implique complicar e retrasar as actuais medidas ao confundirse con outros indicadores como limiar da pobreza, IPREM, etc. Por outra banda, para determinar as rendas familiares no artigo 28, non se inclúen factores tan significativos coma os criterios de dispersión territorial da poboación rural e costeira non urbán, así como as dificultades de acceso real ós servizos públicos e ós recursos de educación, sanidade, dependencia e transporte da cidadanía do rural.	
17	**Pax.35. Art.30.1** Prestacións e axudas familiares	1. A Administración autonómica garantirá o apoio económico ás familias nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo, **(...)**, que se ampliarán en función da situación económica familiar, como mínimo, ata que o neno ou nena cumpra 3 anos. **E que no caso de familias en situación de vulnerabilidade ou pobreza poderá manterse ata a superación da mesma en ausencia doutras medidas de renda ou protección social.**	

18	**Pax.36. Art.31** Axuda as familias vulnerables	**Engadir.** A Administración autonómica apoiará a renda das familias en situación de especial vulnerabilidade económica, promovendo o acceso a prestacións económicas de inclusión social e/ou cubríndolles, a través de programas específicos, as súas necesidades básicas concretas. **Promoverase o acceso de pais e nais ao emprego, periodizándose nos plans de emprego e formación asociada ao mesmo.** **XUSTIFICACIÓN** Consideramos esencial o acceso ao traballo de pais e nais pola súa función no só de garantía de ingresos económicos, senón tamén como elemento indispensable de inclusión e participación social, arraigo no territorio, e rede de apoio e sostén natural , que actúa para permitir unha protección axeitada dos seus fillos e fillas . Por iso consideramos que na axuda ás familias mais vulnerables con fillos e fillas a cargo, é indispensable promover o acceso de pais e nais ao emprego.	
19	**Pax. 36.Artigo 32.** *Axudas para a mellora das vivendas*	**TEXTO PROPOSTO** **Art.32.** A Administración autonómica promoverá programas de axudas destinados á mellora da habitabilidade das vivendas, ao aforro e eficiencia enerxética así como á rehabilitación integral e á mellora da accesibilidade, contemplando un trato diferenciado para as familias **con nenos, nenas ou persoas en *dependencia*, e en especial** para as numerosas **e monoparentais.** **XUSTIFICACIÓN** Moitas das familias monoparentais que se atopan en situación de vulnerabilidade ou exclusión viven en fogares cun baixo nivel de habitabilidade (fiestras e portas podrecidas, humidades, baños sen auga etc.), en inverno prescinden da calefacción e a maioría das vivendas non son accesibles. Puntualizamos na accesibilidade xa que moitas das mulleres pertencentes a familias monoparentais que viven no rural a maiores do coidado dos fillos/as engádeselle na maior parte das ocasións o coidado dos pais/nais que se atopan en situación de dependencia. A vivenda é un dos factores que máis inflúen na situación de exclusión dunha familia e as nais soas son as que representan máis dificultades para asumir os gastos. É complexo que un só salario, se o teñen, sexa suficiente en tódolos casos para cubrir gastos de vivenda, alimentación, medicación etc. e máis aínda en época de crianza.	
20	**Pax. 36. Artigo 33.** *Apoio económico para o*	**TEXTO PROPOSTO** **Artigo.33.1.** A Administración autonómica establecerá bonificacións e descontos coa finalidade de apoiar	

	transporte	economicamente ás familias no acceso á rede de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral **(entre localidades e no eido local)**. Este apoio económico será máis intenso para as familias de especial consideración. **Asemade procurarase o establecemento de liñas de transporte regular ou a demanda entre o medio rural e o urbano e o aumento do número e as posibilidades de solicitude e acceso de transportes adaptados.** **XUSTIFICACIÓN** Se o transporte entre o medio rural e o urbano xa é complexo, sobre todo en épocas determinadas nas que se reducen as liñas, canto máis o é para persoas con algún tipo de discapacidade ou mobilidade reducida que ven minguadas ata anuladas as súas posibilidades de moverse se viven nun contexto rural ó urbano. E xa non só dende estes ámbitos se non entre cidades, moitas veces a única posibilidade é viaxar en tren e, por exemplo, as liñas entre a provincia de Lugo e o resto de provincias son case inexistentes.	
21	**PAX.37. Artigo 34.** *Apoio económico para o acceso á Educación Infantil 0-*	**Modificar. Artigo 34. Universalización e gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos** A Administración autonómica, para facer efectivas as posibilidades de acceso de toda a poboación infantil a etapa educativa 0-3, **garantirá a inmediata universalización e gratuidade do período educativo de educación infantil** aplicará bonificacións nos prezos públicos establecidos e desenvolverá liñas de axudas para o apoio económico ás familias que teñan aos seus fillos e fillas matriculados no primeiro ciclo de educación infantil en escolas infantís de titularidade privada por non ter obtido unha praza pública ou residir nun municipio no que non existan recursos públicos. **Neste proceso de universalización, deberanse contemplar as parroquias, concellos ou territorio rural sen servizos públicos desta índole así como indicar criterios e dotación para conservar os existentes.** **XUSTIFICACION** O período de desenvolvemento de 0 a 3 anos está recoñecido como especialmente crítico para o desenvolvemento pleno das capacidades. O investimento neste período é mais eficiente e sostible, abrindo unha fiestra de oportunidades para o desenvolvemento do potencial humano, con efectos expansivos en todo o ciclo vital, que non é igualable en ningún outro período vital. **Todos os nenos e as nenas en condicións de equidade dende o minuto 1 da vida.** Por iso consideramos	

		imprescindible a universalización e gratuidade do período educativo de educación infantil de 0 a 3 anos, o que permitiría evitar fendas cognitivas que se producen xa nos primeiros anos da vida, e fendas sociais asociadas. No 2017, a taxa de cobertura escolar da poboación de 0 a 3 anos é tan so do 39,1%	
22	**PAX.38. Art. 36.** *Especial consideración das familias numerosas*	**Modificar e engadir** **Artigo 36.** *Especial consideración das familias numerosas* ***e monoparentais*** 1. A administración autonómica aprobará un plan específico de apoio ás familias numerosas **e un plan de choque contra a pobreza nas familias monoparentais.** 2. Entre as medidas **dos plans** para as familias numerosas **e para familias monoparentais** previstos no número anterior (...) 3. Así mesmo, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (...),e de axudas que faciliten o acceso das familias numerosas **e monoparentais** ás subministracións básicas, así como a vivendas e ao transporte público. **4. Entre as medidas dos plans para familias numerosas e monoparentais priorizaríanse os casos de familias en situación de vulnerabilidade posibilitando un acceso e axilización dos procesos de asignación de recursos.** **XUSTIFICACIÓN** A monoparentalidade en si mesma non constitúe un factor de risco de pobreza pero sí que existen factores que a rodean que poden ser desencadeantes de procesos de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social. Un factor determinante para estas familias é a constatación da fenda de xénero na pobreza xa que un 83% están encabezadas por mulleres. A feminización da pobreza está en aumento e é maior cando se trata de nais soas con fillos/as. En Galicia as familias monoparentais supoñen case o 10% do total de tipos de familias da Comunidade Autónoma (IGE 2017) e o 50% están en situación de pobreza (INE 2019).	
23	**Pax.42. Artigo 43.1** *Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación*	**Engadir** **Artigo 43.** 1. A Administración autonómica promoverá que todas as familias que residan en Galicia teñan accesible un recurso de conciliación de calidade para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas dependentes. **En especial potenciará este tipo de recursos para as persoas que vivan no ámbito rural e que non dispoñan de transporte frecuente entre a escola e o domicilio.** **6. Xestionarase a posibilidade de empregar os recursos públicos da zona, como as ludotecas dos centros cívicos, ou sociocomunitarios para facilitar a conciliación dos fillos e fillas menores de 3 anos.**	